



INSTITUTO GALEGO DE  
ESTADÍSTICA

# INFORME SOBRE O ÍNDICE DE COMERCIO POLO MIÚDO

**Maio 2021**

Santiago de Compostela, 29 de xuño de 2021

Instituto Galego de Estatística  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>  
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

## Índice de comercio polo miúdo (ICM). Maio 2021

- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos constantes aumenta un 8,6% en Galicia en maio de 2021 con respecto ao mesmo período do ano anterior; no conxunto de España crece un 18,8%.
- Por produtos, as vendas en Alimentación diminúen un 4,8% mentres que no Resto de produtos crecen un 15,0%.
- As vendas minoristas aumentan en todas as comunidades autónomas no mes de maio.
- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes rexistra un crecemento do 14,1% en Galicia no mes de maio de 2021 con respecto ao mesmo período do ano anterior, e no conxunto de España do 24,6%.
- O índice xeral de ocupación rexistra unha taxa do 0,7% en Galicia e do 1,6% no conxunto do Estado.
- A ocupación aumenta en quince comunidades autónomas no mes de maio.

### Índices de comercio polo miúdo a prezos constantes. Maio 2021

Taxa de variación do índice xeral sen estacións de servizo e achegas dos seus compoñentes	Índice	Variacións (%)	
		Interanual	No que vai de ano
<b>Xeral</b>	100,5	8,6	7,6
<b>Xeral sen estacións de servizo</b>	101,3	5,5	7,5
<b>Alimentación</b>	96,9	-4,8	-0,8
<b>Resto</b>	104,4	15,0	15,3

Categoría	Interanual (%)	No que vai de ano (%)
Xeral	8,6	7,6
Xeral sen estacións de servizo	5,5	7,5
Alimentación	-4,8	-0,8
Resto	15,0	15,3

## 1. Índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes

O índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes aumenta un 8,6% en Galicia en maio de 2021 con respecto ao mesmo período do ano anterior; no conxunto de España crece un 18,8%.


O índice xeral sen estacións de servizo aumenta un 5,5% respecto a maio de 2020 en Galicia e un 16,2% en España. Desagregando por produtos:

- A Alimentación diminúe as súas vendas un 4,8% en Galicia e un 2,9% no conxunto de España.
- O Resto de produtos rexistra un incremento do 15,0% en Galicia e do 38,3% no conxunto do Estado.

Nos primeiros cinco meses do ano, o índice xeral aumenta un 7,6% en Galicia e un 8,3% no conxunto de España. As vendas en Alimentación diminúen tanto en Galicia, -0,8% como en España, -2,7%. No Resto de produtos aumentan as vendas, 15,3% en Galicia e 18,5% en España.

Se se eliminan os efectos estacionais e de calendario, o índice xeral presenta unha taxa de variación interanual do ,8,8%.

O gráfico mostra a evolución da taxa de variación interanual do índice xeral do comercio minorista na serie orixinal e na serie corrixida de estacionalidade e calendario.




## 2. Índices por comunidades autónomas

As vendas crecen en todas as comunidades autónomas. Os maiores incrementos danse en Madrid (25,0%), Illes Balears (21,5%) e Andalucía (21,2%), mentres que Galicia (8,6%) e Navarra (12,1%) rexistran os menores crecementos.

### Índice xeral do comercio minorista a prezos constantes. Maio 2021

Taxas de variación en %



No que vai de ano, todas as comunidades aumentan as vendas. Os maiores incrementos rexístranse en Madrid (15,2%) e Cantabria (10,0%).

## 3. Índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes

O Índice de comercio polo miúdo (ICM) a prezos correntes aumenta un 14,1% en Galicia no mes de maio de 2021, e un 24,6% no conxunto de España.

O índice xeral sen estacións de servizo crece un 8,9% en Galicia e un 19,8% en España. Desagregando por produtos, en Galicia as vendas en Alimentación diminúen un 4,1% e no Resto de produtos aumentan un 21,1%. No conxunto do Estado, as vendas en Alimentación diminúen un 2,3% e no Resto de produtos aumentan un 45,6%.

## Índices de comercio polo miúdo. Maio 2021

Taxa de variación do índice xeral sen estacións de servizo e achegas dos seus compoñentes	Índice	Variacións (%)	
		Interanual	No que vai de ano
<b>Xeral</b>	106,4	14,1	10,2
<b>Xeral sen estacións de servizo</b>	107,1	8,9	9,9
<b>Alimentación</b>	105,9	-4,1	0,4
<b>Resto</b>	107,5	21,1	18,5

Categoría	Interanual (%)	No que vai de ano (%)
Xeral	14,1	10,2
Xeral sen estacións de servizo	8,9	9,9
Alimentación	-4,1	0,4
Resto	21,1	18,5

Nos cinco primeiros meses do ano, o índice xeral rexistra unha taxa do 10,2% en Galicia e do 10,8% no conxunto do Estado.

As vendas en Alimentación aumentan no que vai de ano un 0,4% en Galicia mentres que diminúen un 1,7% en España. No Resto de produtos, as vendas crecen un 18,5% en Galicia e un 22,0% en España.

#### 4. Índice de ocupación

O índice xeral de ocupación amosa unha taxa de variación interanual do 0,7% no mes de maio en Galicia e do 1,6% no conxunto do Estado.

No que vai de ano, a ocupación diminúe un 1,2% en Galicia e o 1,5% en España.


#### 5. Índices de ocupación por comunidades autónomas

A ocupación no comercio minorista aumenta en maio en quince comunidades autónomas. Os maiores incrementos danse en Comunitat Valenciana (3,1%) e Castilla - La Mancha (2,9%). En dúas comunidades redúcese o emprego: Canarias (-2,9%) e La Rioja (-0,6%).

No que vai de ano, trece comunidades autónomas perden emprego. Os maiores descenso rexístranse en Canarias (-6,3%) e Illes Balears (-3,5%). Comunitat Valenciana (0,5%) e País Vasco (0,2%) incrementan o persoal ocupado.

## Índice xeral de ocupación. Maio 2021

### Taxas de variación en %



## Notas metodolóxicas

Os índices de comercio polo miúdo son uns indicadores conxunturais que teñen por obxecto coñecer as características fundamentais das empresas dedicadas ao exercicio do comercio polo miúdo en España, e que permiten medir, a curto prazo, a evolución da actividade das empresas incluídas na sección G da CNAE-2009.

Os índices calcúlanse como un índice Laspeyres encadeado con ano base 2015 (encadeamento mensual no mes de decembro).

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes mostran a evolución das vendas do sector minorista unha vez eliminado o efecto que os prezos teñen sobre as ditas vendas.

Os deflactores que se utilizan nos distintos índices a nivel de comunidade autónoma son:

- Índice xeral de comercio minorista: IPC xeral sen servizos nin alugueres; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento
- Índice xeral sen estacións de servizo: IPC xeral sen servizos nin alugueres; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento; nin carburantes e lubricantes.
- Índice Alimentación: IPC alimentos, bebidas e tabaco.
- Índice Resto: IPC xeral sen alimentos, bebidas e tabaco; nin servizos nin alugueres; nin carburantes e lubricantes; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento.

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes obtéñense como cociente entre os índices de comercio polo miúdo a prezos correntes e o IPC<sup>1</sup>.

---

<sup>1</sup> Os índices de comercio polo miúdo están en base 2015, e o IPC en base 2016, polo que se calcula un índice de prezos en base 2015.

## Anexo cadros

Cadro 1. Índices de comercio polo miúdo. Maio 2021

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>						
<b>Xeral</b>	106,4	14,1	10,2	100,5	8,6	7,6
Xeral sen estacións de servizo	107,1	8,9	9,9	101,3	5,5	7,5
Alimentación	105,9	-4,1	0,4	96,9	-4,8	-0,8
Resto	107,5	21,1	18,5	104,4	15,0	15,3
<b>España</b>						
<b>Xeral</b>	107,0	24,6	10,8	101,0	18,8	8,3
Xeral sen estacións de servizo	106,9	19,8	9,9	101,3	16,2	7,5
Alimentación	108,8	-2,3	-1,7	99,7	-2,9	-2,7
Resto	105,4	45,6	22,0	102,5	38,3	18,5

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

Cadro 2. Índices de comercio polo miúdo corrixidos de estacionalidade e calendario. Maio 2021

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>						
<b>Xeral</b>	111,4	15,1	10,7	110,6	8,8	8,1
Xeral sen estacións de servizo	114,8	10,8	11,2	108,7	7,2	8,5
Alimentación	109,9	-1,9	1,6	102,1	-1,0	-0,2
Resto	114,7	22,3	20,0	113,8	17,0	17,5
<b>España</b>						
<b>Xeral</b>	109,2	24,7	11,4	104,1	19,6	9,2
Xeral sen estacións de servizo	109,4	20,1	10,5	104,8	16,6	8,4
Alimentación	109,7	-2,0	-0,9	100,7	-2,8	-2,0
Resto	106,3	44,9	23,0	105,7	38,3	20,3

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE



Cadro 3. Índice xeral do comercio polo miúdo por comunidades autónomas. Maio 2021

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>ESPAÑA</b>	<b>107,0</b>	<b>24,6</b>	<b>10,8</b>	<b>101,0</b>	<b>18,8</b>	<b>8,3</b>
Andalucía	103,9	26,7	9,2	98,4	21,2	6,8
Aragón	103,2	22,5	11,1	97,6	16,0	8,3
Asturias	99,9	17,7	9,4	95,2	12,4	7,0
Balears, Illes	107,6	28,2	11,2	101,5	21,5	8,1
Canarias	91,6	20,0	1,6	86,7	16,4	0,4
Cantabria	100,2	24,4	12,6	94,3	18,9	10,0
Castilla y León	97,7	24,8	8,4	91,8	18,2	5,8
Castilla-La Mancha	107,6	19,4	9,4	101,1	12,8	6,8
Cataluña	101,3	25,9	10,3	94,6	19,9	7,7
Comunitat Valenciana	111,0	24,9	11,0	105,5	18,7	8,1
Extremadura	95,2	19,0	5,0	90,4	13,8	2,6
<b>GALICIA</b>	<b>106,4</b>	<b>14,1</b>	<b>10,2</b>	<b>100,5</b>	<b>8,6</b>	<b>7,6</b>
Madrid	126,7	30,7	17,7	120,3	25,0	15,2
Murcia, Región de	105,6	24,7	10,5	100,5	19,3	8,2
Navarra	106,1	18,7	8,9	99,0	12,1	5,9
País Vasco	107,5	19,5	10,7	100,7	14,0	8,0
Rioja, La	107,0	20,3	7,5	100,6	14,9	5,3
Ceuta	78,9	9,3	-1,0	74,8	5,4	-3,4
Melilla	78,7	13,5	-2,2	74,3	8,9	-5,2

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de ocupación. Maio 2021

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>			
Xeral	101,7	0,7	-1,2
Xeral sen estacións de servizo	101,4	0,7	-1,2
<b>España</b>			
Xeral	101,9	1,6	-1,5
Xeral sen estacións de servizo	101,9	1,6	-1,5

Fonte: INE

**Cadro 5. Índice xeral de ocupación por comunidades autónomas.  
Maio 2021**

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>ESPAÑA</b>	<b>101,9</b>	<b>1,6</b>	<b>-1,5</b>
Andalucía	98,6	1,6	-2,1
Aragón	102,9	2,2	0,0
Asturias	103,1	0,4	-1,3
Balears, Illes	103,1	0,2	-3,5
Canarias	99,5	-2,9	-6,3
Cantabria	99,8	1,4	-1,5
Castilla y León	102,9	2,2	-0,6
Castilla-La Mancha	100,5	2,9	0,0
Cataluña	100,9	0,8	-2,2
Comunitat Valenciana	107,5	3,1	0,5
Extremadura	100,7	2,6	-0,1
<b>GALICIA</b>	<b>101,7</b>	<b>0,7</b>	<b>-1,2</b>
Madrid	103,1	2,5	-1,0
Murcia	102,3	2,7	-1,1
Navarra	101,0	2,5	-1,9
País Vasco	103,4	2,7	0,2
Rioja, La	102,2	-0,6	-2,3
Ceuta	98,7	0,5	-1,4
Melilla	99,2	-0,1	-2,8

Fonte: INE